



INFORME – PROPOSTA

ASUNTO: Dación de conta ao Pleno de información económica do Concello de Viveiro a 30 de setembro de 2016 e avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de setembro de 2016 e previsións a 31 de decembro de 2016

I INFORMACIÓN ECONÓMICA

Conforme ao establecido no artigo 207 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais, nas regras 52 e 53 da Orden FAP/1781/2013, de 20 de setembro, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local e a base 33 das de execución do orzamento, dáse conta ao Pleno da información da execución do orzamento e da situación da tesourería a 30 de setembro de 2016, co seguinte detalle:

1. Execución do orzamento de ingresos correntes:

– Previsións iniciais.....	13.174.068,03
– Modificacións	1.154.868,11
– Previsións definitivas.....	14.328.936,14
– Dereitos recoñecidos netos	9.758.036,66
– Recadación neta.....	7.319.277,03
– % de dereitos rcados netos sobre previsións definitivas...	68,10 %
– % de recadación neta sobre dereitos rcados netos	75,01 %

2. Execución do orzamento de gastos correntes e das súas modificacións:

–Créditos iniciais	13.174.068,03
–Modificacións orzamentarias.....	1.154.868,11
–Créditos definitivos.....	14.328.936,14



-Gastos comprometidos	11.177.183,35
-Obrigas recoñecidas netas	8.550.048,05
-Pagos orzamentarios realizados	7.764.680,30
-% gastos comprometidos sobre créditos definitivos.....	78,00 %
-% obrigas recoñecidas sobre créditos definitivos	59,67 %
-% de pagos realizados sobre obrigas recoñecidas netas	90,81 %

3. Movements e situación da Tesourería:

-Existencia en Tesourería a 01-01-16	512.230,63
-Cobros orzamentarios.....	8.594.545,34
-Pagos orzamentarios.....	10.190.158,70
-Cobros non orzamentarios	6.738.880,48
-Pagos non orzamentarios	5.329.189,05
-Cobros pendentes de aplicar	26.104,63
-Pagos pendentes de aplicar	0,00
-Existencia en tesourería a 30-09-16	352.413,33

II INFORME DE AVALIACIÓN

Informe de avaliación de cumprimento de obxectivos que contempla a Lei 2/2012, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a 30 de setembro de 2016 e previsións a 31 de decembro de 2016

En cumprimento do artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro (en adiante Orden), pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOE), emítase o presente informe de avaliación do cumprimento de obxectivos da LOE para o terceiro trimestre de 2016, do Concello de Viveiro.

A análise refírese ao cumprimento dos seguintes obxectivos:



- Estabilidade orzamentaria na previsión a 31 de decembro de 2016.
- Regra de gasto, estimada a 31 de decembro de 2016.
- Débeda pública a 30 de setembro de 2016 e previsión a 31 de decembro de 2016.
- Período medio de pago no 3º trimestre de 2016.

O contido da información subministrada é a seguinte:

1. Comunicación trimestral dos datos individualizados por Entidades.

Datos orzamentarios:

- Resumen clasif. Económica.
- Desglose ingresos correntes.
- Desglose Ingresos de capital e financeiros.
- Desglose gastos correntes.
- Desglose de operacións de capital e financeiras.
- Calendario e orzamento de Tesourería
- Remanente de tesourería.
- Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre.
- Perfil de vencemento da débeda nos próximos 10 anos.
- Dotación de plantillas e retribucións

Anexos información:

- Axustes informe de avaliación para relacionar ingresos/gastos con normas SEC.
- IA.1. Xuros e rendementos devengados no exercicio (gastos)
- IA.5. Fluxos internos.
- IB.5. Movementos conta “acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento”
- IB.9. Movementos da conta “acredores por devolución de ingresos”
- IB.10. Xuros e rendementos devindicados (ingresos)
- IB.12. Detalle de gastos financiados con fondos da UE ou de outras Administracións Públicas.

2. Axustes ao Sistema de Contas Europeo aplicables ao Grupo de Entidades da Corporación.



2.1 Axustes por operacións internas entre entidades.

3. Informe de avaliación grupo Administracións Públicas.

3.0. Datos xerais do informe de avaliación.

3.2. Resumo análise estabilidade orzamentaria

3.4. Resumo análise estabilidade financeira

Con data 27 de outubro de 2016 cumpriuse coa obriga de comunicación da información do terceiro trimestre de 2016 contemplada na Orden, a través da plataforma web habilitada ao efecto polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dentro do prazo establecido polo propio Ministerio.

I) ESTABILIDADE ORZAMENTARIA:

As hipóteses de execución para á estimación da liquidación a 31 de decembro de 2016 son as seguintes:

En gastos e ingresos:

Cargas financeiras: 100% do previsto no orzamento no capítulo 9 e no capítulo 3.

Resto de aplicacións: 100% das previsións definitivas agás no capítulo 7 de gastos por análise individualizado.

A) PREVISIÓN A 31 DE DECEMBRO

A diferenza entre as previsións a liquidar nos capítulos 1 ao 7 do estado de ingresos e os capítulos 1 ao 7 do estado de gastos, sen realizar axustes, é de 920.870,01 €.



Antes de axustes	Orzamento ingresos	Orzamento gastos
Capítulo 1	4.980.088,71	5.362.006,87
Capítulo 2	65.000,00	6.260.129,09
Capítulo 3	3.811.077,11	155.156,08
Capítulo 4	4.734.090,65	510.131,00
Capítulo 5	53.051,55	0,00
Capítulo 6	0,00	903.400,80
Capítulo 7	538.539,73	70.153,90
Total Cap. 1 a 7	14.181.847,75	13.260.977,74
Capac(+)/Necesidade (-)		920.870,01

B) AXUSTES SEC:

Para axustar os importes da liquidación anterior á contabilidade nacional mantéñense os axustes realizados en ingresos na liquidación do orzamento 2015, e realízanse os axustes en gastos:

B .1) INGRESOS

Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

Aplicase o criterio de caixa, ingresos recadados durante o exercicio, de exercicios corrente e pechados de cada capítulo.

Axuste por recaudación ingresos do capítulo 1 -507.755,71

Axuste por recaudación ingresos do capítulo 2 0,00



Axuste por recaudación ingresos do capítulo 3	-108.879,39
Total axuste	-616.635,10

Capítulos 4 e 7 do Estado de Ingresos.

En contabilidade nacional, e de acordo cos criterios de xerarquía de fontes, deben respectarse, con carácter xeral, os criterios de contabilización aos que está suxeito o ente pagador da transferencia. Deste xeito, realizarase un axuste positivo se as obrigas recoñecidas na unidade pagadora son maiores que os dereitos liquidados na perceptora, e polo contrario se realizará un axuste negativo se as obrigas recoñecidas na unidade pagadora son menores que os dereitos liquidados na perceptora. Tales axustes implican obter información sobre os importes contabilizados como transferencias dadas polos suxeitos que as conceden. Estes datos non están dispoñibles ata que non se liquida o orzamento e aínda nese caso resulta difícil obtelos xa que as administracións públicas concedentes rara vez comunican o estado orzamentario (fase contable) das transferencias que conceden antes do seu pagamento, momento no cal se recoñece o dereito polo Concello e por tanto non resulta necesario efectuar axustes.

Tratamento das liquidacións definitivas da PTE 2009–2013

Tal como se indica no acordo da Subcomisión de Réxime Económico, Financeiro e Fiscal, da Comisión Nacional de Admón. Local e na plataforma da oficina virtual das entidades locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación á información a comunicar para o cumprimento das obrigas contempladas na Orden HAP/2015/2012, de 1 de outubro, é preciso a realización do seguinte axuste para non engadir no cálculo os efectos das devolucións das PTE 2009 e 2013

Axuste por liquidación PTE–2009	69.031,56
Axuste por liquidación PTE–2013	138.238,14
Total axuste por liquidacións	207.269,70



Capítulo 5 de Ingresos.

Os xuros rexístranse segundo o criterio de devengo. Por tanto, deberíase minorar a parte de xuros que cobrándose no ano 2016 se devengaron no 2015 e deberíanse engadir os xuros que se cobrarán no ano 2017 pero que se devengan no 2016. Non se considera necesario realizar estes, dado que en primeiro lugar e ao igual que nos casos anteriores, estamos ante previsións de ingreso e non de dereitos liquidados como sucede no caso da liquidación dos orzamentos. En segundo lugar, os axustes dependerán en gran medida dos saldos bancarios e a evolución dos xuros e para ambos condicionantes non se estima que vaian producirse grandes desviacións polo que os axustes positivos e negativos compensaríanse entre si, sendo a diferenza a axustar neta máis ben residual que financeiramente significativa.

B.2) GASTOS:

Capítulo 3.

Do mesmo xeito que nos ingresos, rexe o principio de devengo, polo tanto, deberíamos minorar a parte dos xuros que, pagándose no ano 2016, foron devengados no 2015 e deberíamos engadir os xuros que se pagarán no ano 2017, pero que se devengan no ano 2016. Non se realizan axustes polo mesmo motivo que no caso do capítulo 5 de ingresos, en aplicación do principio de importancia relativa.

C) OUTROS AXUSTES

Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar o presuposto.

Gastos realizados no exercicio e pendentes de aplicar ao orzamento de gastos da corporación local: A conta 413 "Acredores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" recolle as obrigas derivadas de gastos realizados ou bens e servizos recibidos, para os que non se produciu a aplicación ao orzamento. Estaríamos ante obrigas respecto as que, non dictándose o correspondente acto formal de recoñecemento e liquidación, derívanse de bens e servizos efectivamente recibidos. Ante a dificultade de prever o saldo dos gastos pendentes de aplicar a 31 de decembro de 2016



realizase o axuste polo importe pendente de aplicar a 1 de xaneiro de 2016 procedentes de facturas 53.446,92 €, máis o importe aprazado correspondente a 2016 da sentenza de Viaqua 184.393,64 €.

- Axuste (menor déficit en contabilidade nacional).....237.840,56

Por outra parte, tívose en conta o gasto no 2016 da sentenza xudicial 235/2015, polo importe principal de 337.098,00 € mais os xuros estimados de 131.301,98 €, que totaliza en 469.299,98 €, é dicir, un maior déficit en contabilidade nacional.

Devolucións de ingresos pendentes de aplicar o presuposto

- Axuste por dev. de ingresos pdtes de aplicar ao presuposto.....-4.024,41

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA NA ESTIMACIÓN DA LIQUIDACION A 31 DE DECEMBRO DE 2016 S/ CONTABILIDADE NACIONAL

SALDO ORZAMENTARIO NON FINANCEIRO:		
TOTAL INGRESOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		14.181.847,75
TOTAL GASTOS NON FINANCEIROS (capítulos 1 a 7)		13.260.977,74
(-) NECESIDADE/ (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO		920.870,01
GR000	Axuste por recadación ingresos capítulo 1	-507.755,71
GR000b	Axuste por recadación ingresos capítulo 2	0,00
GR000c	Axuste por recadación ingresos capítulo 3	-108.879,39
GR001	(+) Axuste por liquidación PTE- 2008	0,00
GR002	(+) Axuste por liquidación PTE- 2009	69.031,56
GR002b	(+/-) Axuste por liquidación PTE ejercicios distinta 2008 y 2009	138.238,14
GR006	Xuros	0,00
GR006b	Diferenzas de cambio	0,00
GR015	(+/-) Axuste por grao de execución do gasto	0,00
GR009	Invers. realizadas por conta da Corporación	0,00
GR004	Ingresos por alleamentos de accións (privatizacións)	0,00
GR003	Dividendos e participacións en beneficios	0,00
GR016	Ingresos obtidos do pto. da Unión Europea	0,00
GR017	Operacións de permuta financeira (SWAPS)	0,00
GR018	Operacións de reintegro e execución de avais	0,00
GR012	Aportacións de capital	0,00
GR013	Asunción e cancelación de débedas	0,00
GR014	Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar ao orzamento	237.840,56
GR008	Adquisicións con pago aprazado	0,00
GR008a	Arrendamento financeiro	0,00
GR008b	Contratos de asociación público privada (APP's)	0,00
GR010	Inversións realizadas pola corporación local por conta doutra Administración Pública	0,00
GR019	Préstamos	0,00
GR020	Devolucións de ingresos pendentes de aplicar a presuposto	-4.024,41
GR021	Consolidación de transferencias con outras AAPP	0,00
GR099	Outros	-469.299,98
Total de axustes ao orzamento da Entidade		-644.849,23
(-) NECESIDADE / (+) CAPACIDADE DE FINANCIAMENTO AXUSTADO		276.020,78



En conclusión, a entidade cumpre co obxectivo de estabilidade orzamentaria e prevé cumprir a regra de gasto na estimación da liquidación a 31 de decembro de 2016.

II) DÉBEDA PÚBLICA

A 30 de setembro de 2016 o Concello de Viveiro presenta a seguinte débeda pública:

NIVEL DE DEBEDA PUBLICA	Euros
1) Débeda viva a 30.09.2016	12.206.819,15
2) Operacións de tesourería a 30.09.2016	1.800.000,00

III) PERÍODO MEDIO DE PAGO

O período medio de pago do Concello de Viveiro do terceiro trimestre de 2016 é de 34,13 días, calculado segundo a metodoloxía do RD 635/2014, de 25 de xullo.

Viveiro, a 3 de novembro de 2016.

A interventora



Rosa Abelleira Fernández